

Na miña cidade, chorar era un acto sagrado. Non porque fosemos especialmente sensibles, senón porque cada bágoa tiña un destino concreto. Cando alguén derramaba lágrimas, estas subían directas ao ceo, que se iluminaba cunha multitude de luces. A noite nunca era verdadeiramente escura nesta cidade. A xente encantábase coa idea de que a dor se elevase ao ceo e se convertese en algo tan fermoso. Pero, como todo, tamén tiña o seu lado escuro: os recordos marchaban, esquecías o porqué das túas lágrimas, olvidabas a dor... Ninguén falaba disto, porque preferían a versión bonita da historia: choras, liberas a dor e, á mañá seguinte, todo desaparece, incluso as lembranzas.

Pero a min nunca me gustou esa idea. Aínda que a cidade parecese “perfecta” xa que non existía a tristeza. Sempre pensei que os momentos difíciles nos axudan a aprender e a crecer como persoas. Non quería esquecer, tiña medo de perder de vista as feridas que me fixeron medrar, así que na primeira vez que unha bágoa brotou de min, agarreina e apreiteina nas miñas mans. Sentía como a luz quería escapar e pedía permiso para marchar, pero eu gardeina nun bote para sempre.

A partir de entón, empecei a recoller todas as bágoas en botes, anotando a data e o recordo. Mentres os outros perdían a dor, eu gardaba as miñas como se fosen un tesouro. Cada día que pasaba, o ceo parecía brillar máis e a xente dicía orgullosa que vivíamos na cidade máis feliz do mundo. Pero eu non vía iso; vía a xente baleira, levando un sorriso sen saber porqué.

Un día, alguén tocoume no ombreiro. Era un chico que mostraba a tristeza nos seus ollos cansos, e mirábame como se soubera o que eu escondía. Dixo: “Non deixas escapar as túas bágoas, verdade?” Eu neguei. Sacou un frasco coma os meus e, por primeira vez, xa non me sentía soa. Desde entón, el e eu fixemos unha parella inseparable, curando a dor do outro.

Un día estábamos na praia, sentados e observando como o ceo se iluminaba cada vez máis. De súpeto, as luces comezaron a apagarse e non entendíamos o que pasaba. Ao regresar á cidade, atopámonos cun ambiente de pánico. Abrimos os botes e os nosos recordos xa non estaban. Non entramos en pánico porque, a pesar de todo, recordábamos as leccións que nos ensinaran a medrar, e xa non se sentían pesadas, senón como unha forma de tranquilidade.

Con todo, a xente estaba triste, moi triste, porque recordaban toda a dor que sentiron. Ao deixala ir, non aprenderan nada, e a nosa cidade pasou de ser a máis feliz a ser a máis triste. A xente tivo que aprender a vivir coa dor de non aprender dos seus erros. Pero Hugo e eu axudámoslles a recuperar a súa felicidade. Xa non eramos unha cidade perfecta, pero si eramos unha cidade real.

Ana Sánchez Agüero